



Autor Francisco Castro
Páxinas 184 páxinas
Editorial Galaxia Colección Árbore
Xuvenil



AUTOR

FRANCISCO CASTRO

Francisco Castro é un dos narradores galegos que comezaron a publicar no inicio do século XXI. A súa narrativa destaca pola orixinalidade á hora de abordar xéneros moi diferentes. Nacido en Vigo en 1966, traballa desde hai anos como cronista cultural en varios medios galegos, e na actualidade na Editorial Galaxia. É autor do libro de relatos eróticos *Xeografía*s, de *A canción do náufrago*, ambos de 2001, e do relato histórico *Memorial do infortunio*. En 2004 publicou *Xeración perdida*, novela coa que adentra ao lector no mundo das drogas, e *Un bosque cheo de faias*, que gañou o Premio Frei Martín Sarmiento. Recibiu en 2006 o Premio Blanco Amor de novela longa con *Spam* que publica Galaxia. En 2007 resultou gañador do Premio de Novela Manuel García Barros, concedido polo Concello da Estrada, coa novela *As palabras da néboa*, publicado por Editorial Galaxia. No mesmo ano publica “O ceo dos afogados” que foi finalista do premio Fundación Caixa Galicia e que recibiría o Frei Martín Sarmiento como mellor libro do ano. En 2009 obtivo o Primeiro Accésit e Pluma de Prata no I Certame de Xornalismo de Opinión Raimundo García ‘Borobó’ polo seu artigo titulado ‘Borobó despedido’.

ILUSTRADOR

MANEL CRÁNEO

Debuxante e ilustrador cunha ampla actividade desde mediados dos anos noventa do século pasado. Participou nas dúas etapas da revista “Golfinho” realizando a serie “A fraga Milmañas” con guións de Carlos Amil. Traballos seus viron a luz en cabeceiras colectivas como “BD Banda”, “Barsowia” e “Subterfuge”. Ex presidente da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), liderou a súa práctica refundación en 2003. Na mesma época foi o principal promotor con Kike Benlloch do Colectivo Chapapote, resposta ao desastre do Prestige coa participación de dúas de ilustradores. Ademais dunha longa experiencia en cartelismo e publicidade, é o responsable do storyboard de diversos filmes (“O lapis do carpinteiro”) e curtametraxes (“A ti como se che di adeus”). Gañador de diversos premios leva moitos anos ilustrando libros para diversas editoriais e autores.

VALORES

- O respecto polos maiores
- A comprensión da enfermidade
- As relacións interxeneracionais
- Os roles masculino/feminino tradicionais
- O papel liberador da literatura
- A importancia da xenerosidade

ANTES DE LER O LIBRO

DEBATE NA AULA

- ¿Que sabes sobre a enfermidade do Alzheimer?
- ¿Cres que as persoas que padecen enfermidades mentais a sociedade as atende como é debido?
- ¿Quen é Simbad O Mariñeiro?

COMPOSICIÓN ESCRITA

Reflexiona arredor da frase: *Un home é a súa memoria e, se a perde, é como se deixase de ser persoa.*

DURANTE A LECTURA DO LIBRO

PARA DEBATER

O pai de Paulo é un home moi ocupado polo seu traballo, ¿pensas que para el a familia é un valor importante ou coloca por enriba de todo o seu traballo?

PARA REFLEXIONAR

- ¿Paréceche que a sociedade nosa toma en serio doenzas como a que sofre o avó de Paulo?
- ¿Cal cres que é, en xeral, a actitude que toman os maiores cando aparece nas casas un problema como o que aquí se conta?
- ¿Pensas que sen memoria seguimos sendo as persoas que eramos?

AO REMATAR A LECTURA DO LIBRO

NA AULA

- Convidamos a profesionais do ámbito de traballo do Alzheimer, por exemplo, de Centros de Día como o que o avó vai pasar o día contra a fin da novela. Pedirémolles que nos conten o día a día destes enfermos para mellor comprendermos a súa problemática.
- Organizamos unha Mesa Redonda na que poidan participar algúns médicos neurólogos e familiares de Asociacións de Enfermos de Alzheimer.

TRABALLO INDIVIDUAL

Imaxina a carta que lle escribirías ao pai de Paulo e ao tío Bernardino por ver de convencelos para que se puxesen de acordo para ocuparse como cómpre do avó.

PÁXINAS WEB QUE PODES VISITAR

CRÍTICAS DO LIBRO:

